# EDUCAR EN VERDE

## RECURSOS PARA A EDUCACIÓN AMBIENTAL RECOMENDADOS

## POLO CENTRO DE DOCUMENTACIÓN AMBIENTAL DOMINGO QUIROGA

PDF

Mª José Bautista-Cerro Ruiz (coord.)




**GUÍA PARA EL ANCLAJE CURRICULAR DE LA EDUCACIÓN PARA EL DESARROLLO SOSTENIBLE.** Sub. Gral de Cooperación Territorial e Innovación Educativa, 2022.

Este documento fai unha extensa introdución sobre como abordar a sustentabilidade na aula e un completo percorrido sobre cada unha das metodoloxías de carácter activo e participativo. Combinadas coas temáticas dos ODS darán lugar a 10 proxectos que axudarán aos docentes a promover a cultura da sostibilidade ambiental, de cooperación social e desenvolver programas de estilo de vida sustentable.

**Descárgao en** https://acortar.link/WZILBI

**EDUCACIÓN CRÍTICA Y TRANSFORMADORA: MARCO TEÓRICO-PEDAGÓGICO PARA INTEGRAR LA SOBERANÍA ALIMENTARIA CON ENFOQUE DE GÉNERO EN LOS CENTROS DE PRIMARIA.** Justicia Alimentaria, Universidad del País Vasco, Hegoa, 2019




PDF

Gema Celorio Díaz

Proposta educativa que pretende xerar conciencia crítica e mobilizar á comunidade educativa ante as consecuencias que se derivan do noso modelo alimentario, tentando promover un modelo baseado nos principios da soberanía alimentaria.

**Descárgao en** https://acortar.link/xA0IT0

NOAA




**CONOCIMIENTO OCEANOGRÁFICO: PRINCIPIOS ESENCIALES Y CONCEPTOS FUNDAMENTALES DE LAS CIENCIAS OCEÁNICAS PARA ESTUDIANTES DE TODAS LAS EDADES.** Administración Nacional Oceánica y Atmosférica (NOAA), 2024.

Esta guia describe as 7 ideas máis importantes, ou principios esenciais, sobre o océano que todas as persoas do noso planeta acuático deberían ter a oportunidade de aprender e comprender. Baseada en traballos anteriores para definir a alfabetización oceánica, avaliar o que o público sabe sobre o océano e corrixir a falta de contido.

**Descárgao en** https://acortar.link/Sh9977

**EU RECICLO E TI?: MATERIAIS LIXO E RECICLAXE: NIVEL I.** SM,2020.

Este libro propón ao alumnado de primaria un plan de acción para xestionar residuos reutilizando materiais e transformando o lixo da súa contorna nunha peza artística de exposición. Concienciarase aos visitantes da importancia de reusar, reducir e reciclar materiais para coidar o noso planeta. Para iso, os alumnos terán que coñecer antes os materiais e as súas propiedades.




Sandra González Álvarez

**En préstamo en** Biblioteca CEIDA (Oleiros)




Varios Autores

**MANUALES Y GUIAS DE HUERTOS.**
Fundación Global Nature, 2008.

Un compendio de manuais e guias descargables con talleres para o alumnado coas seguintes temáticas:
-Hortos de Biodiversidade e economía circular.
-Hortos escolares para profesores.
-Hortos de Biodiversidade Profesorado.
-Talleres sobre reciclaxe para hortos escolares.
-Manual Talleres das 3 R.
-Alimentación e Sustentabilidade.

**Descárgao en** https://acortar.link/VfG46j

**PLUMARIUM.** Moona, 2024.



Pablo Fernández (dir).

Proxecto centrado na identificación da avifauna ibérica a través da observación directa, o estudo e a análise das plumas. Non só é un catálogo de plumas, posibilita comparar similitudes entre centos de especies, determinar características específicas do xénero ou idade e observar a multitude de estatísticas de medidas de plumas. Anexo a toda esta información, detállase a medida de cada pluma de voo da especie para tratar. Dirixido a calquera persoa con acceso a Internet interesada no gran mundo da Ornitoloxía.

**Accede en** https://plumarium.es




**A FÁBRICA DA CACA: PARQUE DE ATRACCIÓNS.** Hércules, 2023

M. Basele, A. Van den Brink, Tjarko Van der Pol

Catia e Caio converten a Fábrica para a Investigación da Caca e os Intestinos nun parque de atraccións, para que poida permanecer aberto.
Un libro no que descubrirás todo tipo de datos sobre alimentación saudable e todo o relacionado co teu estómago, intestinos e caca. Inclúe tarefas e cuestionarios.

**En préstamo en**

Biblioteca CEIDA (Oleiros)
BibliotecasPúblicas:Teo,Bergondo,Monforte,Valdoviño
Bibliotecas Universitarias:UDC

**A CREBEIRA MARABILLAS.** Xerais, 2021.

Marabillas é crebeira. Unha crebeira apaña as cousas que o mar trae á praia. Ás veces o mar tamén trae tesouros, por iso ser crebeira é tan fabuloso. Unha historia para reflexionar sobre o lixo que chega ao mar, un problema global que afecta a todos os habitantes do planeta.



Olaia Sendón

**En préstamo en**

Biblioteca CEIDA (Oleiros)
Bibliotecas Públicas:Santa Comba,Vilalba,Gondomar,Mos
Bibliotecas Universitarias: Santiago,Vigo.

CEIDA CENTRO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN AMBIENTAL DE GALICIA
DOMINGO QUIROGA CENTRO DE DOCUMENTACIÓN
Deputación DA CORUÑA
para unha TRANSICIÓN ECOLÓXICA

Sara Fernández, Sonia Roig




**O BOSQUE É A NOSA CASA.** Hércules, 2023.

Nun bosque todo está conectado. Pero ademais, todas as persoas estamos tamén conectadas cos bosques. E é que, sen dúbida, o bosque é a nosa casa. Para entrar neste libro e descubrir unha chea tan grande de cousas alucinantes (e que moi pouca xente sabe) que os nenos/as se convertirán en especialistas en bosques.

**En préstamo en**

Biblioteca CEIDA (Oleiros)
Bibliotecas Públicas: Ares,Barbadás,Santiago.

**MODA SOSTENIBLE.** Siruela, 2021.

Para descobrir novas formas para gozar a moda de maneira consciente e reducir o impacto negativo que esta industria ten no noso planeta. Con ideas creativas e divertidas para cambiar o hábito de usar e tirar pezas que case non utilizamos: como reciclar con estilo, como facer limpeza de armario para transformar, arranxar ou intercambiar algunhas pezas nun mundo que necesita producir menos. Un libro imprescindible para cambiar o mundo cambiando de roupa.




Sarah Klymkiw, Kim Hankinson

**En préstamo en**

Biblioteca CEIDA (Oleiros)
Bibliotecas Públicas:Cambre,Gondomar,Ourense,Vigo
Bibliotecas Universitarias: UDC

FEBREIRO 2024

# BIBLIOTECA E CENTRO DE DOCUMENTACIÓN AMBIENTAL DO CEIDA

## FONDOS PARA TODA A CIDADANÍA

É único centro de recursos de información e documentación especializado en Medio Ambiente que está aberto a toda a cidadanía en Galicia. Conta con máis de 29.000 documentos dispoñibles en préstamo que poden servir de apoio aos centros educativos para a realización de actividades de carácter ambiental.



## SERVIZOS DIRIXIDOS A CENTROS EDUCATIVOS

- PRÉSTAMO EN SALA E POR ENVÍO POSTAL.
- BÚSQUEDA ESPECIALIZADA DE RECURSOS.
- ACCESO A ARTIGOS E DOCUMENTOS CIENTÍFICOS.
- MALETAS VIAXEIRAS.
- GUÍAS DE RECURSOS.

+INFO https://bit.ly/2mPg90v

CEIDA
CENTRO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN AMBIENTAL DE GALICIA

DOMINGO QUIROGA
CENTRO DE DOCUMENTACIÓN

Deputación DA CORUÑA

para unha TRANSICIÓN ECOLÓXICA